

O AIRE

É NECESARIO

Formado por gases e oxíxeno.

Os seres vivos necesitamos o oxíxeno para vivir.



MÓVESE

Está en todas as partes.

É invisible e non se pode tocar.

O aire en movemento chámase vento.



NON TEN FORMA

Adquire a forma do obxecto que o contén.



1. Escolle V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ O aire está en todas as partes.
- ☐ O aire do campo é máis limpo que nas cidades.
- ☐ O aire non se move.
- ☐ O aire está formado por gases, entre eles o osíxeno.
- ☐ O aire pódese ver e tocar.
- ☐ O aire é invisible e non ten forma.

2. Contesta cunha palabra.

Como se chama o aire en movemento?

Que se emprega para saber a dirección do vento?

3. Escribe 1 se necesita aire para vivir ou 2 se precisa aire para funcionar:



4. Escribe e completa coa palabra correcta.

catavento

aire

vivir

vento

respirar

- O _____ está en todas partes aínda que non podemos ver, ulir ou tocar.
- Os seres vivos precisamos aire para _____ e poder _____.
- Cando o aire se move chámase _____.
- O _____ serve para coñecer a súa dirección.

5. Arrastra cada opción onde corresponda.

Sol respirar temperatura osíxeno invisible ensucian

- Na Terra hai unha capa de _____ que nos rodea.
- As persoas precisamos aire para _____.
- Dentro do aire está o _____.
- A capa de aire que nos protexe do _____ e _____ axuda a ter unha boa _____.
- O fume das fábricas e dos coches _____ o _____ aire.

6. Marca a opción correcta.

O aire non ten forma pero toma a forma do recipiente que o contén.

Pódese ver e ulir o aire.

O aire en movemento chámase vento.

O aire ten a cor dos gases que o forman.

7. E ti, por que crees que é importante o aire para os seres vivos?
Razoa e explica porque.

8. Cales dos seguintes elementos se moven coa forza do vento?
Marca.



A CONTAMINACIÓN DO AIRE

En ocasións, o aire que respiramos non está limpo. Ten fume, cinzas e gases prexudiciais para a saúde. Neste caso dicimos que o aire está contaminado.



Pode deberse a actividades humanas que contaminan o aire.



En ocasións, tamén se contamina por causas naturais.

9. Selecciona as opcións correctas: para diminuír a contaminación do aire débese...

malgastar electricidade.

non mercar artigos que non se desfán e reciclar.

empregar o transporte público, a bicicleta e camiñar.

destruír bosques para construír fábricas.